



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

MEMORIA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 05/2020 **CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/2020**

A situación excepcional xerada pola crise sanitaria do coronavirus COVID-19 é dunha magnitude enorme que afectou e sigue afectando a un elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, económicas e sociais, que requiren a intervención urxente e a adopción de medidas extraordinarias por parte das entidades locais para minimizar a incidencia no tecido productivo local, e reducir o impacto social causado por esta pandemia.

O peche temporal ou a diminución notable de ingresos resultado do confinamento da poboación, dificulta e perxudica a supervivencia de moitas persoas autónomas e de pequenas e medianas empresas. Provocará en moitas delas unha situación de inestabilidade e vulnerabilidade que lles impedirá manter e consolidar os empregos xerados nos últimos anos, onde as afiliacións a seguridade social incrementáronse de forma sustancial no noso concello. A crise sanitaria orixinada polo COVID-19 incrementou as demandas do Servizo de Axuda no Fogar. Moitas destas novas persoas usuarias do servizo non abandonarán a situación de dependencia requiríndose novos fondos que sustenten o cofinanciamento do mesmo. Como consecuencia do exposto é previsible o aumento de solicitudes de axudas de emerxencia social por parte de veciños que poidan ver precarizada a súa situación socioeconómica.

Deste xeito deseñase unha estratexia de actuación que require financiamento extraordinario e que tenta desenvolver o eixos expostos. Plántase unha liña de axudas para o mantemento da actividade empresarial e o emprego que pretende dotarse con 800.000 €. Para os servizos sociais plántase un reforzo de 70.000 € no servizo de axuda no fogar e de 30.000 € nas axudas de emerxencia social para atender a demanda extraordinaria provocada pola crise orixinada polo COVID-19. Finalmente requíriuse a adquisición inmediata de diverso material de protección e desinfección para a seguridade do persoal municipal e a promoción de medidas de salubridade entre a poboación municipal; subministracións que deberán continuar e para as que se estiman unhas necesidades de 100.000 €.

Por Decreto de alcaldía 991/2020 de data 7 de maio, aprobase a liquidación correspondente ao orzamento 2019 cun remanente líquido de tesouraría para gastos xerais de 3.409.783,09 €. Segundo o artigo 177.4 do TRLRFL o remanente líquido de tesouraría pode ser unha fonte de financiamento para os gastos incluído no presente expediente a través da tramitación dun expediente de crédito extraordinario-suplemento de crédito. Así mesmo, tendo en conta que as medidas propostas están orixinadas pola situación de calamidade pública provocada polo COVID19, considérase de aplicación o apartado sexto do mesmo precepto que prevé que os acordos a adoptar para a habilitación dos créditos sexan inmediatamente executivos.

En cumprimento do disposto no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e no artigo 177 do R.D.Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, elabórase a presente memoria xustificativa da tipoloxía da mencionada modificación orzamentaria, da súa necesidade e características, así como das aplicacións e créditos orzamentarios afectados, consonte ao seguinte:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.22199	Seguridade. Outras subministracións	11.000,00

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

135.22199	Protección civil. Outras subministracións	35.000,00
2310.22743	Asistencia social. SAF libre concorrencia	70.000,00
2310.48001	Asistencia social. Axudas emerxencia social	30.000,00
311.22199	Protección salubridade. Outras subministración	26.000,00
439.47900	Comercio, turismo, PEMES. Outras subvencións a empresas privadas	800.000,00
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	28.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1.000.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Como se pode apreciar no anterior cadro, o financiamento da presente modificación de crédito propónse con cargo a remanente líquido de tesourería para gastos xerais (artigo 177.4 R.D.Lex. 2/2004 e artigo 36.1.a) R.D. 500/1990).

Así mesmo, resulta preciso acreditar respecto deste expediente os seguintes elementos (artigo 37.2 R.D. 500/1990):

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar: Paliar consecuencias sociais, sanitarias e económicas da crise orixinada polo COVID-19:
 - Axudas para o mantemento da actividade empresarial e o emprego: 800.000 €
 - Servizo de axuda no fogar: 70.000 €
 - Axudas de emerxencia social: 30.000 €
 - Subministración de equipos de protección para o persoal e instalacións municipais, así como para promoción da salubridade entre a cidadanía: 100.000 €
- A imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores:
 - O presente expediente está motivado pola aparición do COVID-19, e as súas consecuencias, polo que estando en plena pandemia non é posible o aprazamento das medidas urxentes a adoptar
- Inexistencia de crédito: Dacordo co xa expresado, o orzamento municipal para 2020 non contempla aplicacións específicas para o financiamento do gasto incluído no presente expediente

Á vista de canto antecede procédese a someter a presente memoria a informe da Intervención municipal, para posteriormente, e no seu caso, a elevación a Pleno da correspondente proposta.

O alcalde

Oscar Benito Portela Fernández
(asinado dixitalmente)

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

CERTIFICADO REMANENTE DE TESOURERÍA PROCEDENTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019

O Decreto de alcaldía 991/2020 de data 7 de maio, aprobouse a liquidación do orzamento do exercicio 2019.

A citada liquidación foi obxecto de informe desta intervención referencia JPB077/2020

Entre as magnitudes derivadas da liquidación despréndese a existencia dun remanente de tesourería para gastos xerais de importe 3.409.783,09 € e unha situación de inestabilidade orzamentaria polo que non é de aplicación a previsión da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financiera no relativo á prelación de uso da parte do RTGX procedente do superávit orzamentario

Dacordo co exposto infórmase dos usos e saldo disponible a día de hoxe para a citada magnitude

Remanente líquido de tesourería para gastos xerais liquidación orzamento 2019: 3.409.783,09 €
Utilización Remanente líquido de tesourería para gastos xerais a día de hoxe: 0,00 €
Remanente líquido de tesourería para gastos xerais dispoñible 3.409.783,09 €

Informe de usos necesarios do remanente:

Financiamento da achega municipal en incorporacións de crédito obrigatorias: 231.303,90 €

Financiamento de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento procedentes de exercizos pechados: 726.211,84 € (saldo da conta 413 que en calquera caso debe ser obxecto de depuración ao existir saldos de esixibilidade dubidosa).

Financiamento de incorporación voluntarias de remanentes (especialmente singularizados por destino ou proxectos)

- Expropiación espacio libre en As Brañas: 149.352 €
- Obra: Pavimentación y aceras en Rúa Ponte: 52.275,40 €

O interventor
Jaime Presas Beneyto
(asinado dixitalmente)

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

INFORME DE INTERVENCIÓN JPB78/2020

Asunto: Modificación de crédito 05/2020. Crédito extraordinario 01/2020

Normativa aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réximen local (LBRL).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLHL) (artigo 177).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I del Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, que regulaba as facendas locais (artigos 35 a 38).
- Bases de execución do orzamento 2018 (base 11).
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Antecedentes:

Preséntase nesta intervención expediente de modificación de crédito 5/2020, crédito extraordinario 1/2020. Preténdese o incremento do orzamento municipal en 1.000.000 € con actuacións que palien as consecuencias sociais, sanitarias e económicas derivadas da crise orixinada polo COVID-19. O financiamento propónse con cargo ao remanente de tesouraría procedente da liquidación do orzamento municipal 2019, aprobada por Decreto da alcaldía 991/2020 de data 7 de maio, que reflectía un remanente líquido de tesouraría para gastos xerais de 3.409.783,09 €.

Consta no expediente a seguinte documentación:

1. Memoria da alcaldía de data 12.05.2020, xustificando a necesidade e o cumprimento dos requisitos esixidos para aprobar o presente expediente de crédito extraordinario-suplemento de crédito por importe total de 1.000.000 € con cargo ao subconcepto de ingresos 87000 (RTGX). Inclúese relación de gastos específicos a financiar co presente expediente.

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.22199	Seguridade. Outras subministracións	11.000,00
135.22199	Protección civil. Outras subministracións	35.000,00
2310.22743	Asistencia social. SAF libre concorrencia	70.000,00
2310.48001	Asistencia social. Axudas emerxencia social	30.000,00
311.22199	Protección salubridade. Outras subministración	26.000,00
439.47900	Comercio, turismo, PEMES. Outras subvencións a empresas privadas	800.000,00
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	28.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesouraría para gastos xerais.	1.000.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

2. Certificado do interventor municipal sobre o importe do remanente líquido de tesouraría a 12.05.2020

Informe:

Emítese o presente informe en aplicación do disposto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 37.3 do R.D. 500/1990. Os créditos extraordinarios son modificacións do orzamento municipal previstas para cando non exista no orzamento crédito para a realización dun gasto. Os suplementos de crédito son as modificacións previstas para cando existindo crédito no orzamento este non sexa suficiente para acometer un gasto determinado. A modificación proposta ten elementos de crédito extraordinario e de suplemento, dado que ambas modalidades teñen procedemento idéntico non existe inconvinte para tramitalos nun único expediente co tipo da modificación máis importante cuantitativamente que é o crédito extraordinario.

Considerando a normativa de aplicación a os créditos extraordinarios-suplementos de crédito, compróbanse os seguintes extremos:

1. Requisitos (artigo 177 TRLRFL)
 - a) Gasto inaprazable (artigo 177.1): xustificado na memoria da alcaldía
 - b) Inexistencia de crédito adecuado no orzamento da corporación (artigo 177.1 TRLRFL): No exercicio 2020 non existe previsión de crédito específico para a imputación dos gastos de actuacións que palien as consecuencias sociais, sanitarias e económicas derivadas da crise orixinada polo COVID-19 obxecto do expediente.
 - c) Gasto específico e determinado: (artigo 35 R.D. 500/1990) Na documentación obrante no expediente consta relación detallada da finalidade dos créditos da presente modificación(memoria da alcaldía)
2. Financiamento (artigo 177.4 TRLRFL)
 - a) Proponse financiar o crédito extraordinario-suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais. Esta é unha das fontes de financiamento previstas para estas operacións polo artigo 177.4 del TRLRFL e 36.1 a) del R.D. 500/1990.
 - O remanente de tesouraría para gastos xerais derivado da liquidación do exercicio 2019 ascendeu a 3.409.783,09 € (Decreto alcaldía 991/2020). Consta certificado desta intervención acreditando a dispoñibilidade de remanente de tesouraría para gastos xerais por importe dos 1.000.000 € para o financiamento do presente expediente
3. Tramitación
 - a) Consta memoria-propuesta da alcaldía que cumpre cos requisitos previstos no artigo 177 do TRLRFL e 37.2 del R.D. 500/1990.
 - b) Os expedientes de crédito extraordinario-suplemento de crédito deberán someterse aos mesmos trámites e requisitos que os previstos para o orzamento; sendo así mesmo de aplicación as normas orzamentarias sobre información, reclamación e publicidade(art 177.2 TRLRFL). Non obstante o dito, en aplicación do artigo 177.6 do TRLRFL, tendo en conta que as medidas propostas están orixinadas pola situación de calamidade pública provocada polo COVID19, o acordo a adoptar para a habilitación dos créditos será inmediatamente executivo, sen prexuízo das reclamacións que se presenten que deberán ser resoltas no prazo de 8 días seguintes á súa presentación entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente no dito prazo :
 - Aprobación polo Pleno por maioría simple
 - Exposición pública por período de 15 días hábiles dende a publicación de anuncio no BOP durante os que os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente quedará definitivamente aprobado si durante o citado período non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes ao da presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a resolución ao recorrente dentro do dito prazo
 - Publicación no BOP de resumo por capítulos da modificación orzamentaria.
2. Análisis da estabilidade orzamentaria e regra de gasto: A liquidación do orzamento 2019 no Concello de Sada pon de manifesto o incumprimento no dito exercicio dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto. Segundo o previsto no artigo 21 da Lei orgánica 2/2020, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, esta circunstancia obriga á elaboración dun PEF que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos ditos obxectivos. O presente expediente plantexa un

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

incremento importante do gasto para o exercicio 2020 financiado co RTGX. Esta operación implica inestabilidade orzamentaria e incremento do gasto computable. Se ben a utilización do remanente prevista no presente expediente está destinada a cubrir gastos non estruturais derivados dunha circunstancia excepcional, e polo tanto sería xustificable en PEF o incumprimento dos obxectivos, na situación actual de desequilibrio fai que o novo uso do remanente deba incluírse na redacción do PEF e complique os plantexamentos que acrediten a situación de cumprimento derivada das medidas contidas no mesmo.

4. Nivel de endebedamento: A presente modificación non afecta ao nivel de endebedamento municipal

Conclusions:

Considerando canto antecede, fiscalízase a presente modificación orzamentaria coas observacións realizadas en relación ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto.

O interventor
Jaime Presas Beneyto
(asinado dixitalmente)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Exte. Modificación de crédito 31/2019. Crédito Extraordinario 05/2019.

A situación excepcional xerada pola crise sanitaria do coronavirus COVID-19 é dunha magnitude enorme que afectou e sigue afectando a un elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, económicas e sociais, que requiren a intervención urxente e a adopción de medidas extraordinarias por parte das entidades locais para minimizar a incidencia no tecido productivo local, e reducir o impacto social causado por esta pandemia.

Unha situación que dificulta e perxudica, en moitos casos, a supervivencia de moitas persoas autónomas e de pequenas e medianas empresas: o peche temporal ou a diminución notable de ingresos resultado do confinamento da poboación; provocará en moitas delas unha situación de inestabilidade e vulnerabilidade que lles impedirá manter e consolidar os empregos xerados nos últimos anos, onde as afiliacións a seguridade social incrementáronse de forma sustancial no noso concello. O Concello de Sada considera imprescindible a posta en marcha, desde o ámbito municipal, de actuacións necesarias que poidan axudar e contribuir a paliar os perxuízos provocados ou derivados desta situación que están a sufrir autónomos e microempresas, e as extraordinarias consecuencias que pode ter esta crise na destrución de emprego. A importancia esencial desta tipoloxía de empresas na economía productiva, no tecido empresarial e na xeración de emprego en Sada, fai imprescindible unhas políticas públicas decididas para salvagardar un dos piares básicos da nosa socioeconomía local, e fai necesaria inxectar liquidez ás PEMES e persoas autónomas que axude a paliar as consecuencias sociolaborais sobre a veciñanza de Sada derivadas da crise sanitaria (COVID-19).

O papel dos concellos na crise social que previsiblemente nos tocará vivir é clave: avaliando o alcance, adaptando e implementando as políticas públicas à realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais. O ámbito local defínese como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas, polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode ensamblar e combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio. As entidades locais debemos actuar complementando as actuacións doutras administracións, evitando posibles duplicidades, procurando que as axudas cheguen ao maior número de afectados pola crise, optimizando os recursos públicos e favorecendo a consolidación do emprego.

É necesaria, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía da nosa concello, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, unha aposta clara pola reconstrución que teña como premisas unha economía circular, a sustentabilidade e a inserción laboral. A transición cara unha economía de aposta polo local é imprescindible e fundamental desde un punto de vista económico, de competitividade, social e de igualdade.

No ámbito do benestar social é perentoria a necesidade de incrementar a partida destinada ao Servizo de Axuda ao Fogar de libre concurrencia. O incremento no cofinanciamento notificado pola Xunta está vinculado a un servizo de carácter temporal para cubrir as necesidades de persoas usuarias deste servizo por circunstancias sobrevidas pola crise sanitaria do COVID-19. Moitas destas novas persoas usuarias do servizo non abandonarán a situación de dependencia, non todas son usuarias doutros recursos asistenciais que poidan atender as súas necesidades. Desde o Concello de Sada entendemos que non debemos dar por finalizados uns servizos básicos esenciais unha vez finalizado o servizo temporal financiado pola

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

Consellería de Política Social. Entendemos que a situación de vulnerabilidade non rematará en moitos dos novos casos, polo tanto propoñemos o incremento sustancial da partida orzamentada para o ano 2020 e suplementar con 70.000 euros o SAF de libre concorrência.

Finalmente compre completar a asistencia municipal nas axudas de emerxencia social. A situación extraordinaria xerada pola crise sanitaria do coronavirus COVID-19 é dunha magnitude que actualmente é imposible calibrar con exactitude. Afectou e transformará a realidade socioeconómica dun elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, económicas e sociais, que requiren a adopción de medidas extraordinarias por parte dos concellos para reducir e paliar o impacto sobre os colectivos máis vulnerables. Entendemos a necesidade urxente de incrementar o crédito destinado para as axudas de emerxencia social. O incremento exponencial da demanda destas axudas, así como a incidencia tan xeralizada dos efectos económicos e sociais desta pandemia, implican unha dotación orzamentaria máis ampla: 30.000 euros máis dos orzamentados inicialmente para atender as necesidades das familias máis afectadas pola crise.

Deste xeito deseñase unha estratexia de actuación que require financiamento extraordinario e que tenta desenvolver o eixos expostos. Plantéxase unha liña de axudas para o mantemento da actividade empresarial e o emprego que pretende dotarse con 800.000 €. Para os servizos sociais plantéxase un reforzo de 70.000 € no servizo de axuda no fogar e de 30.000 € nas axudas de emerxencia social para atender a demanda extraordinaria provocada pola crise orixinada polo COVID-19. Finalmente requiriuse a adquisición inmediata de diverso material de protección e desinfección para a seguridade do persoal municipal e a promoción de medidas de salubridade entre a poboación municipal; subministracións que deberán continuar e para as que se estiman unhas necesidades de 100.000 €.

Por Decreto de alcaldía 991/2020 de data 7 de maio, aprobase a liquidación correspondente ao orzamento 2019 cun remanente líquido de tesouraría para gastos xerais de 3.409.783,09 €. Segundo o artigo 177.4 do TRLRFL o remanente líquido de tesouraría pode ser unha fonte de financiamento para os gastos incluído no presente expediente a través da tramitación dun expediente de crédito extraordinario-suplemento de crédito. Asimesmo, tendo en conta que as medidas propostas están orixinadas pola situación de calamidade pública provocada polo COVID19, considérase de aplicación o apartado sexto do mesmo precepto que prevé que os acordos a adoptar para a habilitación dos créditos sexan inmediatamente executivos.

Deste xeito, xustificados na memoria da alcaldía obrante no expediente os requisitos legais de tramitación, e visto o informe da intervención municipal JPB078/2020

PROPÓÑSE:

Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir referido a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.

Segundo.-Aprobar o expediente de modificación de créditos 05/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 1.000.000 €. En aplicación do artigo 177.6 do TRLFL o acordo será inmediatamente executivo:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
------------	--------------	---------

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos
administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274

132.22199	Seguridade. Outras subministracións	11.000,00
135.22199	Protección civil. Outras subministracións	35.000,00
2310.22743	Asistencia social. SAF libre concorrencia	70.000,00
2310.48001	Asistencia social. Axudas emerxencia social	30.000,00
311.22199	Protección salubridade. Outras subministración	26.000,00
439.47900	Comercio, turismo, PEMES. Outras subvencións a empresas privadas	800.000,00
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	28.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1.000.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Terceiro.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo; en caso contrario, deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes ao da presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a resolución ao recorrente dentro do dito prazo

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia .

O alcalde
Oscar Benito Portela Fernández
(asinado dixitalmente)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000004

CERTIFICACIÓN

MARÍA DEL CARMEN SEOANE BOUZAS, SECRETARIA DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que o Concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urxente do 15.05.2020 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<2º.- Modificación de crédito 05/20. Crédito extraordinario 01/20: medidas COVID-19.

Primeiro.- Acordar, en función do establecido na DA 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, que o expediente debe continuar por vir referido a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.

Segundo.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 05/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 1.000.000 €. En aplicación do artigo 177.6 do TRLFL o acordo será inmediatamente executivo:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.22199	Seguridade. Outras subministracións	11.000,00
135.22199	Protección civil. Outras subministracións	35.000,00
2310.22743	Asistencia social. SAF libre concorrencia	70.000,00
2310.48001	Asistencia social. Axudas emerxencia social	30.000,00
311.22199	Protección salubridade. Outras subministración	26.000,00
439.47900	Comercio, turismo, PEMES. Outras subvencións a empresas privadas	800.000,00
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	28.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1.000.000,00
TOTAL		1.000.000,00

Terceiro.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo; en caso contrario, deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes ao da presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a resolución ao recorrente dentro do dito prazo.

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia>>.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

(DATA: 20/05/2020 09:23:00)

Óscar Benito Portela Fernández

(DATA: 19/05/2020 14:53:00)

ASINADO POR María del Carmen Seoane Bouzas

Versión imprimible

CVD: Cg0eVvIZEOfnVAPhfta9
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000004

CERTIFICACIÓN

E para que conste e produza os efectos oportunos expido esta certificación, asinada dixitalmente, co visado do alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Sada, o 19 de maio do 2020.